



**ACORDO DA MESA DE APOIO O EMPREGO DO
SECTOR NAVAL**

ASISTENTES:

**XUNTA DE GALICIA/INSPECCION DE
TRABALLO E SEGURIDADE SOCIAL:**

Lucía Molares Pérez
José Mª Casas de Ron
Ana Pouso Lijó

POLA REPRESENTACIÓN EMPRESARIAL:

Por **ASIME:**

Javier Martínez López
Enrique M. Mallón Otero
Alberto Iglesias González
Juan C. Freire Gobantes
J. Ramón Ballesteros Landín
Enma Caldelas Pérez
Carmen Villagómez Cebrian
Beatriz Rodríguez Donsión
Susana Cimadevila Mosquera

Por **INSTALECTRA:**

José Alonso Rodríguez
Carolina Rodríguez Santano

POLA REPRESENTACIÓN SINDICAL:

Por **CIG:**

Miguel Anxo Malvido Cabirto
Manuel Simón Graña
Manuel López Carballal

Por **CCOO:**

Ramón Sarmiento Solla
José Antonio Fernández Vila
Francisco José Varela Vieitez

Por **UGT:**

Diego Atanes Dacal
Enrique Castelain Ballesteros
J. Antonio Costas Castelo

En Vigo, a 15 de febreiro de 2010, na sede da Delegación Territorial en Vigo da Xunta de Galicia, reúnense as partes que a marxe se reflicten, a fin de establecer as pautas que, o abeiro da mesa de apoio o emprego do sector naval, toma en consideración.

En data 21.12.09 as partes reflictidas **chegaron a acordo** unánime para substituír o sistema da Axencia da Bolsa de Emprego, a **desenvolver a Disposición Adicional Quinta** do vixente Convenio Colectivo, no contexto da nova situación de emprego, recoñecendo asimesmo que as **pautas de contratación** son elementos de estabilidade no sector naval da provincia de Pontevedra. Deste xeito, creouse a presente mesa, con capacidade e lexitimidade para tratar todos os temas incluídos, e preferentemente todos os que teñen que ver co apoio o emprego no sector nunha situación de crise, sendo unha mesa con vocación de permanencia e continuidade. Asimesmo, polos representantes da Autoridade Laboralponse de manifesto a colaboración cos axentes sociais participantes na mesa nos controis de emprego e contratación, así como na loita contra a discriminación de traballadores/as extranxeiros/as, nas pautas que se establezcan polos axentes sociais nesta materia.

Consonte a estes presupostos establécense:

1.- A mesa, lexitimada e con capacidade na unidade de negociación colectiva sectorial, establece que sexa a través dos Acordos de Madrid de 11 de setembro de 2008 o xeito de basear as pautas da contratación e emprego no sector naval de Pontevedra, comprometéndose a plantexar de xeito absolutamente prioritario todo o referido as pautas de contratación e carnet, credencial ou certificación en soporte físico de traballador do naval que presta servicios nos asteiros, a fin de obter un resultado o máis rápido posible no marco do Acordo referido.

2.- As partes acordan establecer un réxime transitorio, ata chegar ó réxime definitivo de credencial profesional do naval, para o cal solicitan a implicación neste documento da representación da Autoridade Laboral, os efectos de que neste período, como se decía transitorio, por unha banda, se dote ós traballadores desempregados do sector dunha

(Handwritten signatures and stamps)

1



acreditación provisoria, e por outra sexa a Autoridade Laboral, a través do sistema da Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social quen verifique e controle as pautas, e, no seu caso, sancione os posibles incumprimentos, en función do réxime establecido polas partes no contexto da Disposición Adicional Quinta do vixente Convenio Colectivo do Sector de Industrias do Metal sen convenio propio publicado no Boletín Oficial da Provincial do 11 de xaneiro de 2010.

3.- A estes efectos, enténdese que os administradores externos da Axencia da Bolsa de Emprego remitirán á Autoridade Laboral o listado de todos os desempregados incluídos a data de hoxe que teñen a certificación dos requisitos esixidos de profesionalidade, experiencia e habilitación en Prevención. Estes traballadores, enténdese que cumpren todos os requisitos establecidos a estes efectos.

Todos os traballadores que sexan contratados, a partir do día 16 de febreiro de 2010, de xeito indefinido ou por tempo determinado, terán que cumprir os requisitos establecidos consonte a Disposición Adicional Quinta do Convenio Colectivo, de experiencia de 12 meses na profesión, ou a formación reglada homologable (inclusive Plan FIP) para o grupo profesional ou categoría, e dispor de habilitación en prevención de riscos, tal como se establece regulamentariamente, sendo éstas as pautas de contratación que se verificarán polo sistema da Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social, comprometéndose a Autoridade Laboral a efectuar dita verificación en todas as empresas do sector na provincia de Pontevedra, durante o citado período afectado polo réxime transitorio.

4.- A Autoridade Laboral comprométese na vindeira reunión ordinaria desta Mesa, que terá lugar o vindeiro martes, 23 de febreiro, a establecer o organismo emisor e o sistema de validación da documentación (vida laboral, acreditación formación, e habilitación prevención), a instancia de parte interesada, ós efectos da citada certificación ou acreditación dos 12 meses de experiencia profesional ou formación equiparable e habilitación en prevención de riscos laborais.

5.- A Autoridade Laboral sinala como horizonte para o seu traballo de verificación e, no seu caso, fiscalizador, a data de 31 de decembro de 2010, sen perxucio de que, por acordo das partes, se poida, no seu caso, de xeito perentorio e xustificando, establecer unha prórroga.

6.- Incorpóranse como anexos a este documento os Acordos de 11 de setembro de 2008 e o acordo sobre a Axencia da Bolsa de Emprego de 21 de decembro de 2009.

En proba de conformidade, asinan a presente acta no lugar e data arriba indicadas, sendo as 20,15 horas, as representacións empresariais, dos sindicatos de CCOO e UGT, e a representación da Comunidade Autónoma e Inspección de Traballo.